



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**

**SESIÓN ORDINARIA DE TRECE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES**

**(ACTA NÚMERO 38)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**

D. Efrén Castro Caloto

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Miguel Fernández Méndez

D. Iván Castro Díaz

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **trece de outubro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora D<sup>a</sup> Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez e os Srs. Deputados D. Xosé María Arias Fernández e D. Daniel García Fernández

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día seis de outubro de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

## **2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO ROBOT DE MUXIDO E OS SEUS EQUIPOS ACCESORIOS DA GRANXA EXPERIMENTAL, GRANXA GAYOSO CASTRO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do mantemento do robot de muxido e os seus equipos accesorios da granxa experimental, Granxa Gayoso Castro, consta no mesmo:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7P2SLNJIM5VOZICZ7V44HPAQ1.
2. Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7P2SKS3IWDJNEY2UVFMNLHEI.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7PY6ZKNXR7VVBZ24GDAP7AKI.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7P2SP3FNPTT6Z7CIFGJYZF7Y.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7P2SP63YMIJS5PSJ5H4FHTEA.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7P2SXSIBFPL74CZR6RMUHOK4.

Á vista do exposto, remítase o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobación da contratación do mantemento do robot de muxido e os seus equipos accesorios da granxa experimental, Granxa Gayoso Castro, 2023/CON\_02/000059, para unha duración de un (1) ano, podendo prorrogarse por anualidades ata tres (3) anos, sen que a duración total, incluídas as prórrogas, exceda dos catro (4) anos.

---

1Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade, de conformidade co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP e nos termos do artigo 131 da citada lei; de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado ([www.contrataciondeleestado.es](http://www.contrataciondeleestado.es)), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse os convites ao licitador que se indica a continuación: Mantenimientos Técnicos Lucenses S.L. con CIF B27403831 e enderezo de correo electrónico [migueltecnolugo@hotmail.com](mailto:migueltecnolugo@hotmail.com).

**4º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 33.736,02 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 7.084,56 €, o que fai un total de 40.820,58 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O importe financiarase de acordo coas seguintes anualidades:

| Aplicación orzamentaria | 2023 + IVE deducible | Documento contables 2023 | 2024 + IVE deducible | Documentos contables 2024 | TOTAL IVE incluído |
|-------------------------|----------------------|--------------------------|----------------------|---------------------------|--------------------|
| 4120.213                | 5.600,00 + 1.176,00  | RC:22023/29674           | 28.136,02 + 5.908,56 | RC:220239/672             | 40.820,58          |

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2023, polo importe relacionado, para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2024 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DE DESERTO O PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN ASFÁLTICA C65B3 TRG (ASIMILABLE A ANTIGA ECR-2) DA CORDO CA NORMA UNE-EN 13808:2013. 1ª MODIFICACIÓN XULLO 2014 PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vistos os antecedentes que se relacionan a continuación:

- 1.- Proposta de inicio de expediente e memoria xustificativa do contrato con CSV: IV7PUHDLHNE63LG4SA55P3SPCA<sup>2</sup>.
- 2.- Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe do Parque Móbil, con CSV: IV7PUHDIBU6SQXNM2QEFGLXQEU.
- 3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7PWPK7IBR6R7BCANNDGAPRCM.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7PQ3XTPEH7377J5TVBCEDCI4.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7PQ335FE6P3WUSCMU4AVCBAL.
- 6.- Fiscalización limitada previa do expediente.
- 7.- Publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 31/08/2023, onde se indica que o prazo para a presentación de ofertas finaliza o día 28/09/2023 ás 23:59 horas.
- 8.- Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 9 de outubro de 2023, na que se recolle o seguinte:

“A Mesa de contratación comproba que non se presentou ningunha oferta a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Visto que non hai ofertas admisibles, a Mesa acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación declarar deserta a licitación da contratación da subministración de emulsión asfáltica C65b3 TRG (asimilable a antiga ECR-2) dacordo ca norma UNE-EN 13808:2013. 1ª modificación xullo 2014 para o parque móbil da Deputación provincial de Lugo. Expediente nº: 2023/CON\_02/000052”.

---

<sup>2</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



E tendo en conta que o contido e a tramitación foi conforme coa normativa de aplicación, e en virtude da competencia que corresponde ao órgano de contratación, e a vista do exposto, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Declarar deserto o procedemento 2023/CON\_02/000052, contratación da subministración de emulsión asfáltica C65B3 TRG (asimilable a antiga ECR-2) dacordo ca Norma UNE-EN 13808:2013. 1ª Modificación xullo 2014 para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, á vista da proposta da mesa de contratación de 9 de outubro de 2023, na que se acordou elevar ao órgano de contratación a declaración de deserto do procedemento, por non se ter presentado ningunha oferta.

**2º.-** Publicar este acordo na Plataforma de Contratos do Sector Público e dar traslado do mesmo ao Parque móbil da Deputación provincial de Lugo aos efectos do seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

**Primeiro.-** *Proposta relativa á segunda modificación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol ” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (EXP. 2023/PES\_03/020822) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe,

*Antecedentes de feito.*

Primeiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 21 de abril de 2023, acordou prestar aprobación ao texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do

Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023 por importe total de 157.808,55€ e ao gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 126.246,84 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no citado convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023, formalizouse o 24 de abril de 2023.

Terceiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 9 de xuño de 2023, acordou prestar aprobación ao texto da modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023.

Cuarto: A primeira addenda do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023, formalizouse o 13 de xuño de 2023.

Quinto: O alcalde do Concello de Pol remitiu, o 4 de outubro de 2023 (2023RT015199) escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Prórroga do Convenio Interadministrativo sinalado con anterioridade de xeito que as distintas actuacións se poidan executar ata o 30 de xuño de 2024 e xustificar as mesmas ata o 30 de setembro de 2024”.

*Consideracións xurídico-administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula sexta.- Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de



decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula sétima.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Segunda: No artigo 32 da Lei 39/2015, da LPACAP dispónse que: “1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio o a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que no exceda de la metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.(...)3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos o sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sen prexuízo del procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento (...)”

Terceira: En canto ao órgano competente para aprobar a segunda modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023, formalizado o 24 de abril de 2023 e modificado o 13 de xuño de 2023 é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

*Conclusiones.*

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.

Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).

Os prazos que se pretenden modificar non están vencidos.

Os novos prazos non exceden da metade dos prazos previstos no convenio,

e que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a segunda modificación solicitada pola representante do Concello de Pol nos termos da segunda addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia,”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a segunda modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023, formalizado o 24 de abril de 2023 e modificado o 13 de xuño de 2023, que quedaría redactado no seguinte senso:

*Segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente en funcións da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Lino Rodríguez Ónega, Alcalde en funcións do Concello de Pol, con N.I.F P-2704600B e sede na Praza de Galicia, 1 Mosteiro, 27270, Pol, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan.*

Primeiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 21 de abril de 2023, acordou prestar aprobación ao texto do convenio de cooperación entre a Deputación



de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023 por importe total de 157.808,55€ e ao gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 126.246,84 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no citado convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023, formalizouse o 24 de abril de 2023.

Terceiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 9 de xuño de 2023, acordou prestar aprobación ao texto da modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023.

Cuarto: A primeira addenda do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023, formalizouse o 13 de xuño de 2023.

Quinto: O alcalde do Concello de Pol remitiu, o 4 de outubro de 2023 (2023RT015199) escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Prórroga do Convenio Interadministrativo sinalado con anterioridade de xeito que as distintas actuacións se poidan executar ata o 30 de xuño de 2024 e xustificar as mesmas ata o 30 de setembro de 2024”.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

### *Cláusulas.*

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas terceira e cuarta que quedarían redactadas no seguinte senso:

Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)

3.2. O Concello de Pol:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Pol, comprométese ao seguinte:

(…)

4. O prazo limite de execución é o 30 de xuño de 2024.

5.(…)”

Cláusula cuarta.- Réxime económico.

“(…)

a) Xustificación da achega económica.

O prazo previsto para que o concello de Pol aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 30 de setembro de 2024.

Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas parciais.

(…)”

Segundo.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 24 de abril de 2023 e modificado o 13 de xuño de 2023, esta segunda modificación a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente do que como secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Proposta relativa á segunda modificación, se procede, do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (EXP. 2023/PES\_03/020829) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe,

*Antecedentes de feito.*

Primeiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 28 de abril de 2023, acordou prestar aprobación ao texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023 por importe total de 386.693,97 € e ao gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 309.355,18 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no citado convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023, formalizouse o 2 de maio de 2023.

Terceiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 9 de xuño de 2023, acordou prestar aprobación ao texto da modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023.

Cuarto: A primeira addenda do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023, formalizouse o 13 de xuño de 2023.

Quinto: O alcalde do Concello de Pol remitiu, o 4 de outubro de 2023 (2023RT15200) escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Prórroga do Convenio Interadministrativo sinalado con anterioridade de xeito que as distintas actuacións se poidan executar ata o 30 de xuño de 2024 e xustificar as mesmas ata o 30 de setembro de 2024”.

#### *Consideracións xurídico-administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula sexta.- Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula sétima.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Segunda: No artigo 32 da Lei 39/2015, da LPACAP dispónse que: “1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio o a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que no exceda de la metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.(...) 3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos o sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sen prexuízo del procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento (..)”

Terceira: En canto ao órgano competente para aprobar a segunda modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “mellora de distintos accesos a núcleos do concello de pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023, formalizado o 2 de maio de 2023 e



modificado o 13 de xuño de 2023 é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

*Conclusións.*

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.

Media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común).

Os prazos que se pretenden modificar non están vencidos.

Os novos prazos non exceden da metade dos prazos previstos no convenio, e que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a segunda modificación solicitada pola representante do Concello de Pol nos termos da segunda addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia,”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a segunda modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradás do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023, formalizado o 2 de maio de 2023 e modificado o 13 de xuño de 2023, que quedaría redactado no seguinte senso:

*Segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradás do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente en funcións da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-27000001 e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Lino Rodríguez Ónega, Alcalde en funcións do Concello de Pol, con N.I.F P-2704600B e sede na Praza de Galicia, 1 Mosteiro, 27270, Pol, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan.*

Primeiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 28 de abril de 2023, acordou prestar aprobación ao texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023 por importe total de 386.693,97 € e ao gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 309.355,18 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no citado convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023, formalizouse o 2 de maio de 2023.

Terceiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 9 de xuño de 2023, acordou prestar aprobación ao texto da modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023.

Cuarto: A primeira addenda do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro,



na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023, formalizouse o 13 de xuño de 2023.

Quinto: O alcalde do concello de Pol remitiu, o 4 de outubro de 2023 (2023RT15200) escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Prórroga do Convenio Interadministrativo sinalado con anterioridade de xeito que as distintas actuacións se poidan executar ata o 30 de xuño de 2024 e xustificar as mesmas ata o 30 de setembro de 2024”.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

#### *Cláusulas.*

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas terceira e cuarta que quedarían redactadas no seguinte senso:

Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)

3.2. O Concello de Pol:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Pol, comprométese ao seguinte:

“(…)

4. O prazo límite de execución é o 30 de xuño de 2024.

5.(…)”

Cláusula Cuarta.- Réxime económico.

“(…)

a) Xustificación da achega económica.

O prazo previsto para que o concello de Pol aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 30 de setembro de 2024.

Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas parciais.

“(…)”

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 2 de maio de 2023 e modificado o 13 de xuño de 2023, esta segunda modificación a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente do que como secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Proposta relativa á segunda modificación do convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do Centro multiusos de Castroverde”, ano 2022 e 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (EXP.2023/PES\_03/021090) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

*Antecedentes de feito.*

Primeiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 19 de agosto de 2022, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiusos de Castroverde”, por importe total de 615.000,00 € (no ano 2022: 307.500,00€ e no ano 2023: 307.500,00€) dos que 307.500,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo (no ano 2022: 153.750,00 € e no ano 2023: 153.750,00€) e 307.500,00 € serán financiados polo Concello de Castroverde (no ano 2022: 153.750,00 € e no ano 2023: 153.750,00 €).  
Segundo.- Aprobar o gasto por importe de 307.500,00 € en concepto de achega económica por parte da Deputación para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, dos que 153.750,00 € serán financiados con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento do 2022,



Terceiro: Adquirir o compromiso de incluír no orzamento do ano 2023 a cantidade de 153.750,00 € tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”.

Segundo: O convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a deputación provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiusos de Castroverde”, ano 2022 e 2023, formalizouse o 13 de setembro de 2022.

Terceiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 25 de novembro de 2022, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Aprobar a modificación das cláusulas terceira, cuarta e quinta do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiusos de Castroverde”, ano 2022 e 2023, formalizado o 13 de setembro de 2022, nos termos da modificación do convenio que se incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.”

Cuarto: A addenda ao convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiusos de Castroverde” , ano 2022 e 2023, formalizouse o 29 de novembro de 2022.

Quinto: O alcalde do Concello de Castroverde remitiu, o 9 de outubro de 2023 (2023RPE018875), escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Prórroga do prazo para executar as actuacións ata o 10 de decembro de 2023 e do prazo para a xustificación da achega económica ata o 15 de decembro de 2023.”

Segundo se desprende da documentación que obra no expediente, preténdese a modificación das seguintes cláusulas:

A cláusula terceira (apartado 3.2 , sobre as obrigas e compromisos das partes

A cláusula cuarta (apartado C), sobre a xustificación da achega

As cales quedarían redactadas no seguinte senso:

Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)

### 3.2. O Concello de Castroverde:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Castroverde, comprométese ao seguinte:

Achegar, para a execución do convenio a achega económica prevista na cláusula cuarta e o financiamento do importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Asumir o importe do financiamento das outras fontes de financiamento (AGADER) previsto na cláusula primeira no suposto de que o Concello non resulte beneficiario da subvención solicitada.

Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Asumir e achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.

Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.

Recibir as obras, mantelas e dar o servizo á veciñanza.

Executar as actuacións na data límite do 10 de decembro de 2023 .

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”

Cláusula cuarta.- Réxime económico.

“(…)

#### c) Xustificación da achega económica.

O representante do Concello de Castroverde achegará, como data límite do 15 de decembro de 2023 a conta xustificativa que terá o seguinte contido:



- a) Memoria de actuacións das actividades realizadas.
  - b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:
    - a) Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.
    - b) Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
    - c) Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
- Actas de recepción (a aportar coa xustificación da anualidade do 2023)
- Declaración responsable emitida polo representante do concello, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo
- Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
- Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
- Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
- Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
- Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”.

*Consideracións xurídico-administrativas:*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula quinta. Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2022 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e abrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2024 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2023, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula sexta. Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49 da Lei 40/2015. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”.

Segunda: No artigo 32 da Lei 39/2015, da LPACAP dispónse que: “1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio o a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que no exceda de la metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.(...)3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos o sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sen prexuízo del procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento (..)”

Terceira: En canto ao órgano competente para aprobar a segunda modificación do do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiúsos de Castroverde”,ano 2022 e 2023, formalizado o 13 de setembro de 2022 e modificado o 29 de novembro de 2023 é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

*Conclusiones.*

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.



Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).

Os prazos que se pretenden modificar non están vencidos.

Os novos prazos non exceden da metade dos prazos previstos no convenio, e que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a segunda modificación solicitada pola representante do Concello de Castroverde nos termos da segunda addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a segunda modificación do do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiúsos de Castroverde”, ano 2022 e 2023, formalizado o 13 de setembro de 2022 e modificado o 29 de novembro de 2023 que quedaría redactada no seguinte senso:

*Segunda modificación do convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiúsos de Castroverde” , ano 2022 e 2023.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Xosé María Árias Fernández, Alcalde do Concello de Castroverde, con N.I.F P-2701100F, e sede Social en Praza do Concello, 2 Castroverde, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan.*

Primeiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 19 de agosto de 2022, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiusos de Castroverde”, por importe total de 615.000,00 € (no ano 2022: 307.500,00€ e no ano 2023: 307.500,00€) dos que 307.500,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo (no ano 2022: 153.750,00 € e no ano 2023: 153.750,00€) e 307.500,00 € serán financiados polo Concello de Castroverde (no ano 2022: 153.750,00 € e no ano 2023: 153.750,00 €).

Segundo.- Aprobar o gasto por importe de 307.500,00 € en concepto de achega económica por parte da Deputación para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, dos que 153.750,00 € serán financiados con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento do 2022,

Terceiro: Adquirir o compromiso de incluír no orzamento do ano 2023 a cantidade de 153.750,00 € tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”.

Segundo: O convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “acondicionamento e ampliación do centro multiusos de Castroverde”, ano 2022 e 2023, formalizouse o 13 de setembro de 2022.

Terceiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 25 de novembro de 2022, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Aprobar a modificación das cláusulas terceira, cuarta e quinta do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiusos de Castroverde”,ano 2022 e 2023, formalizado o 13 de setembro de 2022, nos termos da modificación do convenio que se incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.”

Cuarto: A addenda ao convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos



derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiusos de Castroverde”, ano 2022 e 2023, formalizouse o 29 de novembro de 2022.

Quinto: O alcalde do concello de Castroverde remitiu, o 9 de outubro de 2023 (2023RPE018875), escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Prórroga do prazo para executar as actuacións ata o 10 de decembro de 2023 e do prazo para a xustificación da achega económica ata o 15 de decembro de 2023.”

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

#### *Cláusulas.*

Primeira.- As partes acordan modificar as seguintes cláusulas:

A cláusula terceira (apartado 3.2.sobre as obrigas e compromisos das partes.

A cláusula cuarta (apartado C) , sobre a xustificación da achega.

As cales quedarán redactadas no seguinte senso:

Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)

#### 3.2. O Concello de Castroverde:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Castroverde, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio a achega económica prevista na cláusula cuarta e o financiamento do importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Asumir o importe do financiamento das outras fontes de financiamento (AGADER) previsto na cláusula primeira no suposto de que o Concello non resulte beneficiario da subvención solicitada.
3. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

4. Asumir e achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.
5. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
6. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.
7. Recibir as obras, mantelas e dar o servizo á veciñanza.
8. Executar as actuacións na data límite do 10 de decembro de 2023.
9. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
10. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
11. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
12. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
13. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”

Cláusula cuarta.- Réxime económico.

“(…)

c) Xustificación da achega económica.

O representante do Concello de Castroverde achegará, como data límite do 15 de decembro de 2023 a conta xustificativa que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Actas de recepción (a aportar coa xustificación da anualidade do 2023).

Declaración responsable emitida polo representante do concello, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a



posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”.

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 13 de setembro de 2022 e modificado o 29 de novembro de 2022, esta modificación a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente segunda modificación do que como secretario que dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Cuarto.-** *Proposta relativa á modificación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no “Asfaltado de camiños municipais e acceso ós núcleos de Rodinso e o Grandón; execución de pavimentos de formigón nos núcleos de Marrondo e de Arcos e*

*acondicionamento de acceso en Serés, formigonado de camiño e construción de depósito contra incendios en Barredo” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (EXP.2023/PES\_03/021187) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe.

*Antecedentes de feito.*

Primeiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 14 de abril de 2023, acordou prestar aprobación ao texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Asfaltado de camiños municipais e acceso ós núcleos de Rodinso e o Grandón; execución de pavimentos de formigón nos núcleos de Marrondo e de Arcos e acondicionamento de acceso en Serés, formigonado de camiño e construción de depósito contra incendios en Barredo” ano 2023 por importe total de 114.993,97 € e ao gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 114.993,97 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no citado convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo: O convenio de cooperación entre a deputación de Lugo e o concello de Castroverde para cooperar no “asfaltado de camiños municipais e acceso ós núcleos de Rodinso e o Grandón; execución de pavimentos de formigón nos núcleos de Marrondo e de arcos e acondicionamento de acceso en Serés, formigonado de camiño e construción de depósito contra incendios en Barredo” ano 2023, formalizouse o 19 de abril de 2023.

Terceiro: O alcalde do concello de Castroverde remitiu, o 9 de outubro de 2023 (2023RPE018966) escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“A presentación da xustificación parcial da achega económica por cada unha das actuacións incluídas no mesmo”.

*Consideracións xurídico-administrativas:*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:



Na cláusula cuarta.- Réxime económico.

“(…)

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Castroverde aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de maio de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo. (…)”

Na cláusula sexta.- Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula sétima.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Terceira: En canto ao órgano competente para aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a deputación de Lugo e o concello de Castroverde para cooperar no “Asfaltado de camiños municipais e acceso ós núcleos de Rodinso e o Grandón; execución de pavimentos de formigón nos núcleos de Marrondo e de arcos e acondicionamento de acceso en Serés, formigonado de camiño e construción de depósito contra incendios en Barredo” ano 2023, formalizado o 19 de abril de 2023 é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

*Conclusiones.*

Por todo o exposto, e tendo en conta que o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo, que media a vontade de ambas partes (concorrencia de

interese común) e que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente a modificación solicitada polo representante do Concello de Castroverde nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a deputación de Lugo e o concello de Castroverde para cooperar no “asfaltado de camiños municipais e acceso ós núcleos de Rodinso e o Grandón; execución de pavimentos de formigón nos núcleos de Marrondo e de arcos e acondicionamento de acceso en Serés, formigonado de camiño e construción de depósito contra incendios en Barredo” ano 2023, formalizouse o 19 de abril de 2023, nos termos da seguinte addenda:

*Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a deputación provincial de lugo e o concello de castroverde para cooperar no “Asfaltado de camiños municipais e acceso ós núcleos de Rodinso e O Grandón; execución de pavimentos de formigón nos núcleos de Marrondo e de Arcos e acondicionamento de acceso en Serés, formigonado de camiño e construción de depósito contra incendios en Barredo ” ano 2023.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001,actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Xosé María Árias Fernández, alcalde do Concello de Castroverde , con N.I.F P-2701100F e sede na Prazo do Concello, 2, 27120, Castroverde, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

*Manifestan.*

Primeiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 14 de abril de 2023, acordou prestar aprobación ao texto do convenio de cooperación entre a Deputación



de Lugo e o Concello de Castroverde para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Asfaltado de camiños municipais e acceso ós núcleos de Rodinso e o grandón; execución de pavimentos de formigón nos núcleos de marrondo e de Arcos e acondicionamento de acceso en Serés, formigonado de camiño e construción de depósito contra incendios en Barredo” ano 2023 por importe total de 114.993,97 € e ao gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 114.993,97 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no citado convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo: O convenio de cooperación entre a deputación de Lugo e o concello de Castroverde para cooperar no “asfaltado de camiños municipais e acceso ós núcleos de Rodinso e o Grandón; execución de pavimentos de formigón nos núcleos de Marrondo e de arcos e acondicionamento de acceso en Serés, formigonado de camiño e construción de depósito contra incendios en Barredo” ano 2023, formalizouse o 19 de abril de 2023.

Terceiro: O alcalde do concello de Castroverde remitiu, o 9 de outubro de 2023 (2023RPE018966) escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“A presentación da xustificación parcial da achega económica por cada unha das actuacións incluídas no mesmo”.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda ao convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula cuarta que quedaría redactada no seguinte senso:

Cláusula Cuarta.- Réxime económico.

“(…)

b) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Castroverde aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de maio de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través

da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo. Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto deste convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas.

(...)”

Segunda. As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 19 de abril de 2023, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente do que como secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS SOBRE DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO CONCELLO DE O CORGO (LUGO) DELIMITACIÓN DE NÚCLEO RURAL DE UZAL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2022RPE024228 de 19.12.2022, do Concello de O Corgo, remintindo solicitude de informe preceptivo tras aprobación inicial de instrumento de planeamiento, tras aprobación inicial del núcleo rural de Uzal (San Pedro de Farnadeiros) y la modificación de la delimitación del núcleo rural de Quinte, modificando o establecido o PXOM, visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 07.07.2023 que di:

*“Antecedentes e obxecto.*

Con data 19.12.2022 e Rexistro 2022RPE024228 o Concello de O Corgo solicita informe preceptivo tras aprobación inicial de instrumento de planeamiento, tras aprobación inicial del núcleo rural de Uzal (San Pedro de Farnadeiros) y la modificación de la delimitación del núcleo rural de Quinte, modificando o establecido o PXOM, achegando link para a descarga dos documentos.



A modificación do núcleo de Quinte non afecta ás estradas de titularidade da Deputación Provincial de Lugo.

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítese de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013).

O obxecto último do informe sectorial de estradas vén a ser o recoñecemento aos treitos de vías provinciais que discorran por solo clasificado como urbano ou de núcleo rural o carácter de “treitos urbanos”, para o que se require que no instrumento de planeamento figuren marcadas as aliñacións e que sexan informadas favorablemente polo organismo titular da estrada conforme ao artigo 7 da LEG 8/2013, o que permitiría a edificación a unha distancia inferior á xeral, e atribuiría ao Concello a competencia para autorizar as construcións nas marxes do treito urbano segundo ditas aliñacións.

No presente informe comezase por expoñer e xustificar os criterios que se considera que deben aplicarse aos treitos urbanos das estradas provinciais para a súa aplicación ao núcleo rural, que se sitúa nas marxes da vía provincial LU-P-1608.

### *Fundamentos Legais.*

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:

#### 7. Treitos urbanos.

Para os efectos desta lei, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

#### 8. Travesías.

8.1. Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada no que, discorrendo por solo clasificado como urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación.

#### 23. Coordinación co planeamento urbanístico.

23.2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial,

o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que o informen. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

23.3. Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación

38.4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

40. Delimitación da zona de afección.

A zona de afección está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada lado da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación e medidas horizontal e ortogonalmente desde elas, a unha distancia de:

- a) Cen metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.
- b) Trinta metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.

41. Delimitación da liña límite de edificación.

41.1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

- a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.
- b) Quince metros no caso de estradas convencionais. En caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e no mesmo categorícense funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, según o establecido no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

47. Réxime xeral e competencia.

2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de



protección, así como para realizar as actividades de comprobación daquelas suxeitas a declaración responsable no que a lexislación sectorial en materia de estradas refírese, corresponde á administración titular da estrada, excepto na talla de arboledo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, previo informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada.

Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes.

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación poderanse autorizar, ou quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable, de tratarse dos usos previstos no artigo 45 bis, no que á lexislación sectorial en materia de estradas refírese, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por baixo da rasante do terreo:

- a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.
- b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social, así cualificados.

Por parte da Deputación Provincial de Lugo, o Pleno de 30 de abril de 2019 adoptou o acordo de categorizar a rede de estradas provinciais como Rede Local, para a aplicación da redución da liña límite de edificación establecida pola nova redacción da Lei de Estradas de Galicia, tras a aprobación da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e na que se reduce a distancia da liña límite de edificación de 15,00 m a 7,00 m do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 m do eixe de trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución aplicable nos treitos urbanos da estrada conforme ao previsto no artigo 23 da LEG 8/2013. A adopción de dito criterio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 07.11.2019.

*Consideracións sobre a documentación recibida.*

Da análise da documentación recibida, compre salientar:

O núcleo de Uzal desenvólvese nas marxes da estrada provincial LU-P-1608 “A Campa (LU-546) - Farnadeiros - Quinte (LU-P-2904)”.

No plano 03, delimitación de núcleo rural, preséntanse as aliñacións de viarios marcadas, e cumpren coas prescricións indicadas no apartado anterior.

As coordenadas de inicio e final do núcleo rural con respecto ás estradas da deputación son:

| Núcleo | Estrada   | Marxe    | Coordenadas ETRS 89 UTM 29 |           |
|--------|-----------|----------|----------------------------|-----------|
|        |           |          | Inicial                    | Final     |
| Uzal   | LU-P-1608 | Esquerda | X-623440                   | X-623364  |
|        |           |          | Y-4753435                  | Y-4753160 |
|        | LU-P-1608 | Ambas    | X-623364                   | X-623314  |
|        |           |          | Y-4753160                  | Y-4752919 |

Por todo o anteriormente exposto, este Servizo de Vías e Obras respecto ao documento presentado, e a efectos da Lei 8/2013 de estradas de Galicia no que se refire ás vías de competencia desta Deputación, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1.- Emitir informe sectorial favorable á delimitación de núcleo rural de Uzal, no Concello de O Corgo.

2.- Emitir informe favorable ao recoñecemento da delimitación dos treitos urbanos contidos no mesmo e relacionados no presente informe que, conforme ao artigo 62 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, só terá efectos no momento no que o instrumento de planeamento sometido a informe entre en vigor.”

Por todo o que antecede, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Emitir informe sectorial de estradas favorable ao documento remitido polo Concello de O Corgo, na delimitación do núcleo rural de Uzal, recibido o 19.12.2022 con número de Rexistro 2022RPE024228.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **6.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2023.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de marzo de dous mil vinte e tres acordou a aprobación das bases da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos



na anualidade 2023 e cuxo extracto se publicou no Boletín Oficial da Provincia núm. 088, do martes, 18 de abril de 2023.

Tendo en conta que de conformidade coa Base oitava das Bases do procedemento, deberá constituírse unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formular unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta que os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso trala aprobación polo órgano competente e que para estes efectos, achéganse as listaxes nas que inclúen os/as solicitantes propostos e no seu caso as solicitudes desestimadas, e que van asinadas para os efectos.

Tendo en conta que, con data e 10 de outubro de 2023 se constituíu a Comisión de Avaliación establecida nas Bases, que acorda formular proposta de avaliación para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2023.

Tendo en conta que de acordo ao previsto na base décima. Acordos de resolución e notificacións, o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de avaliación, efectuará a proposta de acordo de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno na que se expresará o/a solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premios e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e puntuacións e que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes; e que o acordo de resolución provisional será notificada aos interesados/as, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións, contados a partir do día seguinte da respectiva publicación no BOP.

Tendo en conta así mesmo que o acordo de resolución provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións.

Á vista da avaliación e informe da Comisión de Avaliación.  
Visto o informe de servizo de Deportes.  
Visto o informe de Intervención.

O Deputado Delegado que subscribe, proponlle á Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación:

**1º.-** Aprobar a resolución provisional de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2023, de acordo aos criterios de valoración e contías máximas e mínimas previstos nas bases da convocatoria, segundo as especificacións e puntuacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

| Nº EXPEDIENTE      | SOLICITANTE                   | NIF SEUDONIMIZADO | PREMIO                                                                                                                                                                  |
|--------------------|-------------------------------|-------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 2023/PES_03/008604 | JUAN CARLOS PRIETO ARIAS      | ***1908**         | 1.067,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/008952 | ADRIAN DIAZ PEREZ             | ***4577**         | 628,00 €                                                                                                                                                                |
| 2023/PES_03/009299 | JOSE ANTONIO ALONSO LISTE     | ***4725**         | 2.500,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009166 | FRANCISCO DORADO VIZCAINO     | ***5176**         | 2.500,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009248 | BRAIS BASANTA DIAZ            | ***8391**         | 1.286,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009354 | MARIO SAA FERNANDEZ           | ***5327**         | 1.820,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009360 | ELOY SAA FERNANDEZ            | ***5327**         | 847,00 €                                                                                                                                                                |
| 2023/PES_03/009405 | CLEMENTE ALVES BELLO          | ***5043**         | 1.537,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009412 | RUBEN LOPEZ LOPEZ             | ***5304**         | 2.500,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009413 | HECTOR PEREZ FERNANDEZ        | ***4918**         | 628,00 €                                                                                                                                                                |
| 2023/PES_03/009481 | ADRIAN TORREIRO OCAMPO        | ***8454**         | 1.004,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009537 | LUIS SANFIZ PEREZ             | ***4687**         | 941,00 €                                                                                                                                                                |
| 2023/PES_03/009602 | PEDRO REIJA DIAZ              | ***4187**         | 2.500,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/CCP_01/000459 | FRANCISCO LÓPEZ RIVAS         | ***4950**         | 2.259,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009606 | ANTONIO FERNÁNDEZ VALCARCEL   | ***3677**         | 2.008,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009705 | RUBEN SANTAS LÓPEZ            | ***4680**         | 1.820,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009710 | IAGO ÁLVAREZ TORRÓN           | ***5791**         | 1.412,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009711 | ADRIÁN LÓPEZ RODRÍGUEZ        | ***4303**         | 2.500,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009723 | JOSÉ MANUEL LEIRADO FERNÁNDEZ | ***4722**         | 1.192,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009735 | ADRIAN VÁZQUEZ MARTÍNEZ       | ***4973**         | 2.500,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009736 | SERGIO VALLEJO FOLGUEIRA      | ***0654**         | 533,00 €                                                                                                                                                                |
| 2023/PES_03/009738 | OSCAR LÓPEZ SALGADO           | ***7413**         | 2.133,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009795 | CESAR DÍAZ PÉREZ              | ***4577**         | 2.500,00 €                                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009821 | DAMIÁN PORTA NÚÑEZ            | ***5223**         | 910,00 €                                                                                                                                                                |
| 2023/PES_03/009843 | FABIO ERNESTO GARCÍA RIVAS    | ***7045**         | 1.475,00 €                                                                                                                                                              |
|                    | DESESTIMADAS                  |                   | MOTIVO/CAUSA DESESTIMACIÓN                                                                                                                                              |
| 2023/PES_03/009709 | CARLOS ÁLVAREZ TORRÓN         | ***4068**         | Base SEXTA e SÉTIMA. Documentación requirida. Requirimento emenda de solicitude non atendido.                                                                           |
| 2023/PES_03/009748 | JOSE SEIJO VÁZQUEZ            | ***4067**         | Base SEXTA. Solicitude presentada fóra de prazo                                                                                                                         |
| 2023/PES_03/009642 | SAMUEL FERNANDEZ CASABELLA    | ***3701**         | Base CUARTA. PREMIOS E CONTÍAS. Por non acadar a puntuación suficiente para que multiplicada polo valor en euros do punto acade o importe mínimo de premio establecido. |

**2º.-** O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederáse á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. Que se publicará así mesmo na páxina web da Deputación.



**3º.-** Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto na base décima da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE, NO GRADO DE ABSOLUTA, DUNHA ADMINISTRATIVA DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que a Dirección Provincial de Lugo do Instituto Nacional da Seguridade Social, en escrito de data 27 de setembro de 2023, comunica que resolveu recoñecer unha Incapacidade Permanente no Grao de absoluta a Dona Edita Negrelos Peña, con efectos económicos de 7 de setembro de 2023, non prevéndose que a situación de incapacidade vaia a ser obxecto de revisión por melloría, que permita á reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos.

Tendo en conta que Dona Edita Negrelos Peña, Administrativa de Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose en situación de Incapacidade Temporal.

Visto que o artigo 137 do Real Decreto Lexislativo 8/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece os distintos graos de invalidez, e que a falta doutra regulación, se vén entendendo que a incapacidade permanente no grao de absoluta é aquela que impide por completo ao traballador a realización de calquera profesión ou oficio.

Segundo informe do Servizo de Recursos Humanos, a referencia implícita na resolución do INSS ao disposto no artigo 48.2 do ET non resulta directamente aplicable a este suposto por canto o vínculo xurídico que regula a relación desta funcionaria coa Entidade é de natureza administrativa polo que, en consecuencia, deberase entender que, se como consecuencia da dita revisión, si, no seu día, se adoptase resolución polo INSS na que, debido á ter experimentado melloría, se declarase en situación de apta para o traballo, habería de considerarse, para adoptar resolución sobre este asunto, o que sinale a lexislación administrativa, concretamente o artigo 68.1 do EBEP e a lexislación de función pública vixente, nese momento para adoptar decisión axustada a dereito.

Considerando que o artigo 139 do Real Decreto Legislativo 781/86 do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que a xubilación dos funcionarios terá lugar (...) "b) De oficio ou a petición do interesado, por incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións".

Considerando, así mesmo, o establecido no artigo 67.1 c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que sinala:

“Xubilación.

A xubilación dos funcionarios poderá ser:

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou, incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación por Incapacidade Permanente, no Grao de Absoluta, a Dona Edita Negrelos Peña, o día 6 de setembro de 2023, sendo o día 7 de setembro de 2023, a data á que se retrotraen os efectos económicos da pensión de invalidez recoñecida á funcionaria e á que se liquidarán os dereitos e obrigas que deriven da relación funcional con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **8.- COMPARECENCIA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 230/2023-P.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº 230/2023-P seguido a instancia d D. Elías Gómez López fronte á resolución da Deputación de data 13 de xuño de 2023 desestimatoria do recurso de reposición interposto fronte á resolución



de 13 de marzo de 2023 ditada no expediente 2018/01892 da Deputación dirixida a “Herederos de María Brígida Gómez López”, acordando el embargo de determinados inmuebles por varios conceptos (IBI urbana ejercicios de 2016, 2017 – dos: tasa de aguas, basura y alcantarillado del año 2018, recargos y apremios )...”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

**2º.-** A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

**3º.-** O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **9.-COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

#### **10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.